



Caderno da crítica

Ramón Caride: libros xuvenís para pensar

[Ramón Nicolás](#) 3 Maio 2012 [Entrevistas](#)

[Ramón Caride Ogando](#) (Cea, Ourense, 1957) exerce a docencia nun centro de ensino secundario e a súa traxectoria literaria, que abrangue distintos xéneros, foi recoñecida con numerosos galardóns entre os que destacan o Premio Branco Amor, o Lueiro Rey e o Merlín de literatura xuvenil.

Publica para primeiros lectores [Catro amigos pillabáns](#) e [A pomba dona Paz](#): subxacen aí os mesmos valores da súa obra?

A pesar de seren libros cun forte compoñente gráfico e dirixidos ás primeiras etapas lectoras, son distintos: *A pomba...* é un libro feito expresamente para celebrar o Día Escolar da Paz e poñer de relevo cousas como a tolerancia, a ecoloxía e a convivencia nas aulas; mentres que *Catro amigos...* é máis ben un libro de aventuras protagonizado por animais. No fondo, non obstante, comparten os mesmos valores.

Fálenos da tradución d' *O frío azul*.

O frío azul (en [Anaya](#) en castelán, en [Sotelo Blanco](#) en galego) é unha novela histórica, ambientada entre 1517-1525, con elementos realistas, como un proceso inquisitorial ben documentado, pero con moitos elementos fantásticos e lendarios. Transcorre entre Oseira, Xálama (Estremadura) e Toledo. Acaba de recibir o premio “Templis” á mellor novela autoconclusiva nacional do ano 2011 instituído pola revista online de literatura xuvenil [El Templo de las Mil Puertas](#). Estou orgulloso deste premio, porque está outorgado polos lectores.

[Exogamia 0.3](#) tamén foi un título ben acollido por crítica e lectores...

É un libro de relatos para pensar e debater sobre a explotación infantil, as consecuencias da industria nuclear, os avances biomédicos ou a emigración clandestina. Está construído a partir de informacións xornalísticas e de avances recentes publicados en revistas científicas, buscando un dobre obxectivo: a máxima actualidade e a maior diversidade de técnicas narrativas. A súa excelente recepción demostra que os novos lectores non teñen apriorismos á hora de ler. En contra do que se di ás veces, creo que non debemos rebaixar o nivel de esixencia e precisión nos textos para adolescentes. Continuarei esta serie con *Endogamia 0.2*, xa redactado.

Non descoida a lírica: que achega [A chuvia humana](#) á súa obra anterior?

A chuvia humana é, esencialmente, un libro de micropoemas, epigramas ou aforismos, que de todo hai. Como tal, cun nivel de concisión extremo e extensión mínima. Creo que contén fortes doses de humor corrosivo e crítica social, como corresponde á que nos está a caer enriba a todos (e non é chuvia, precisamente).

Algún proxecto actual?

En galego publicarei un libro de novelas curtas e relatos para adultos, *Sarou/Louzós*, centrado na serie negra realista. Estes dous topónimos imaxinarios marcan os meus dous espazos míticos: as Rías Baixas, onde vivo, e a Galicia interior, profunda, montañosa e agora case deshabitada, da que procedo. É a primeira vez que todo o ciclo, vinte anos de traballo, se publica nun volume único. Espero tamén completar a publicación en castelán da serie, xa ben coñecida, d' [*As aventuras de Said e Sheila*](#), coa publicación do cuarto volume, *A negrura do mar*, ilustrado como os anteriores por Miguelanxo Prado.

Este texto publicouse, na súa versión en castelán, nas páxinas da revista *Qué leer*, nº 175.